

10.- EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 1 DE MARZO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 9/2016 DE 25 DE FEBREIRO.

Acordouse aprobar a acta núm. 9/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 25 de febreiro de 2016 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZA DE OBRA.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para instalación de explotación agrícola en Maceira - Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 01/03/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 6.174 euros. Consta no

expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

3.1.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para canalización de gas na rúa Penatoares e aprobouse a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 23/02/16 por importe de de 36,90 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

3.2.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para canalización de gas natural na rúa Pintor Laxeiro e aprobouse a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 23/02/16 por importe de de 39,65 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

4.- LICENZA PARA A ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.

4.1.- Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA A ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** para a verbena da IIª Festa da Xuventude no campo da festa de Botos o día 4 de marzo de 2016.

5.- ALTAS EN AUGA E SANEAMENTO.

5.1.- Acordouse **formalizar os correspondentes contratos**, vista a relación de solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas, ESPINA Y DELFÍN S.L.

6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

6.1.- Acordouse **iniciar o expediente de contratación** denominado **“SUBMINISTRACIÓN DE “PELLETS” PARA AS CALDEIRAS DE BIOMASA DA PISCINA MUNICIPAL”**, mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración con orzamento máximo de licitación de 65.000 € (IVE incluído) e un prazo de execución dun (1) ano prorrogable por

outro (1) ano máis.

6.2.- Acordouse **iniciar o expediente para a concesión do uso privativo dos postos núm. 6, 13, 53 e a Parte Nova da Praza de Abastos de Lalín** baixo a rúbrica **“BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO PARA OUTORGAR OS POSTOS NÚM. 6, 13, 54 e a PARTE NOVA DA PRAZA DE ABASTOS DE LALÍN”** mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración por un período concesional de 10 ANOS, prorrogables por períodos anuais ata un máximo de 15 anos.

7.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

7.1.- Acordouse proceder á **devolución do aval** depositado na Tesourería Municipal polo importe de 3.450,00 €, como garantía para responder do contrato de “Subministración dunha retrocargadora para o servizo de obras do Concello de Lalín” e á súa cancelación.

7.2.- Acordouse proceder á **devolución dos avais** depositados na Tesourería Municipal polos importes de 1.153,72 e 2.466,94 €, como garantía para responder do contrato de “Servizo de telefonía e internet, a implantación de voz sobre IP e a interconexión dos seus centros dependentes, Lote 1: Implantación de VOIP, interconexión de centros dependentes e servizos de telefonía fixa e internet do Concello de Lalín” e proceder a súa cancelación.

7.3.- Acordouse proceder á **devolución do aval** depositado na Tesourería Municipal polo importe de 1.736,16 €, como garantía para responder do contrato de “Servizo de telefonía e internet, a implantación de voz sobre IP e a interconexión dos seus centros dependentes, Lote 2: Telefonía móvil: voz e datos do Concello de Lalín” e proceder á súa cancelación.

7.4.- Acordouse proceder á **devolución da fianza** depositada na Tesourería Municipal polo importe de 640,00 €, como garantía para responder das obras de “Demolición de edificación sita na rúa Montefaro, núm. 22, Lalín” e á súa cancelación.

8.- FACTURAS E CONTAS.

Acordouse **aprobar e declarar o abono da relación de facturas por un importe total de 80.671,01 Euros.**

9.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

9.1.- Acordouse **solicitar as subvencións e axudas**, que figuran no expediente de solicitude, de acordo co disposto nas Bases reguladoras para a concesión de subvencións ao abeiro do “PLAN MARCO: Mellora de camiños municipais de acceso a explotación agrarias 2016”, e a aprobación da Memoria/Proxecto, retribucións e demais documentación do expediente da obra: “**MELLORA DOS CAMIÑOS DE PORTOSECO-GOIAS-E REGUFESELLO**”, por importe de **158.385,37 € IVE incluído**.

9.2.- Acordouse solicitar ao abeiro das “**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN DE CONCELLOS) 2016**” da Deputación Provincial de Pontevedra que foron publicadas no BOP o día 2 de decembro de 2015, as subvencións para a execución da relación de proxectos correspondentes á Liña 1 por investimento total de **1.274.843,34 €**, e aprobar os proxectos, memorias, orzamentos e demais documentación que forma parte de cada un dos expedientes individuais.

9.3.- Acordouse **aprobar a concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos derivados de atención sanitaria non cubertos polos sistemas públicos de saúde para a persoa solicitante por importe de 150 € a aboar en efectivo.

9.4.- Acordouse a **ALTA** urxente e temporal no **Servizo de Axuda no Fogar, modalidade libre concorrencia**, por concorrer circunstancias de emerxencia que aconsellen a intervención inmediata do servizo, para unha das persoas usuarias do servizo.

9.5.- Acordouse a **baixa** na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE en relación ao vado permanente ubicado no baixo do nº 8 da Rúa Caraveis, segundo solicitude presentada e ao abeiro do informe do Inspector de Obras e Servizos, de 1 de marzo de 2016.

9.6.- Acordouse **recoñecer a obriga por importe de 19,83 €** a favor da Mancomunidade Terras de Deza en concepto de achega do Concello de Lalín ó custo de funcionamento da Depuradora de Losón, segundo a relación de gastos que consta nesta proposta, do que este Concello asume o 50 %, segundo o Convenio de Cooperación asinado a tal fin.

9.7.- Acordouse a **concesión de postos e aprobáronse as altas e liquidacións para o exercicio de 2016** pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal por importe total de **3.400,80 €**, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica por importe total de **3.148,80 €**; e a declaración de zonas de dominio público habilitadas para a colocación dos mesmos.

10.- CORRECCIÓN DE ERROS ADMINISTRATIVOS.

10.1.- Acordouse a **corrección do erro** padecido no acordo da acta da Xunta de Goberno Local de 28 de decembro de 2015, incluíndo o seguinte punto: Reclamar a Espina & Delfín a contía de 2.358,18 € correspondente ao subministro de enerxía eléctrica da rede de abastecemento e sumidoiros de augas e requirirille o cambio de titular dos contratos de subministro eléctrico das instalacións recepciónadas pola empresa na acta de recepción asinada o 30 de abril.

10.2.- Acordouse a **corrección do erro** do acordo adoptado na acta da Xunta de Goberno Local de data 5 de febreiro de 2016 no que se aprobaron as bases reguladoras do proceso selectivo para a configuración dunha bolsa de emprego para este Concello de Lalín, vistas as bases, en concreto no punto 1 do Anexo II referente ó baremo de méritos do posto de Monitor-Deportivo.

11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

11.1.- Dáse conta do escrito remitido polo ADIF-Delegada de Patrimonio y Urbanismo Noroeste, en relación á solicitude de cesión do vertedeiro de Anzo (Lalín), no que comunican que non é posible acceder a petición formulada polo Concello de Lalín ata que non finalice o proceso de reversión dos terreos os titulares dos mesmos. Non obstante comunican que no momento que este feito se produza poñeranse en contacto co Concello de Lalín para informar da resolución do expediente e ofrecerlles aqueles terreos sobre os que non houbesen exercitado o dereito de reversión e establecer as condicións dunha posible cesión.
